



Concello de Vigo



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "W".

**PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO
CONCELLO DE VIGO**



ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. Introducción | 4 |
| 2. Política de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo | 5 |
| 3. Actividade e organización do Concello de Vigo | 6 |
| 4. Integración da actividade preventiva | 7 |
| 5. Organización da prevención | 8 |
| 6. Consulta e participación dos/as empregados/as públicos/as municipais | 10 |
| 7. Funcións e responsabilidades en materia de prevención de riscos laborais | 11 |
| 8. Avaliación de riscos e planificación | 19 |
| 9. Formación dos/as empregados/as públicos/as municipais | 21 |
| 10. Información dos/as empregados/as públicos/as municipais | 21 |
| 11. Protección de empregados/as públicos/as municipais especialmente sensibles, da maternidade e dos menores | 22 |
| 12. Equipos de traballo. Máquinas e instalacións | 23 |
| 13. Substancias perigosas e axentes biolóxicos | 25 |
| 14. Equipos de protección individual | 26 |
| 15. Coordinación entre servizos do Concello de Vigo | 27 |
| 16. Coordinación de actividades empresariais | 27 |
| 17. Plans de emerxencia e autoprotección do Concello de Vigo | 28 |
| 18. Vixilancia da saúde | 29 |
| 19. Investigación de accidentes de traballo, incidentes e enfermidades profesionais | 30 |
| 20. Xestión de situacións e traballos de especial perigosidade | 31 |
| 21. Auditorías do Servizo de Prevención de Riscos Laborais | 33 |
| ANEXO I: Centros de traballo do Concello de Vigo | 34 |
| ANEXO II: Guía de coordinación de actividades empresariais | 37 |
| ANEXO III: Aprobación do Plan de Prevención de Riscos Laborais | |



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DIC. 2010
O Secretario Xeral do Pleno



1. INTRODUCCIÓN

A Lei 31/95, de 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Prevención de Riscos Laborais (en adiante LPRL) aportou unha nova concepción da Seguridade e Saúde no posto de traballo. Esta Lei resulta de aplicación ás Administracións Públicas (art. 3), e supón a implantación dunha cultura de prevención en todos os niveis da empresa, tendente a avaliar e minimizar os riscos que para a saúde do traballador puidera ocasionar a actividade laboral.

A Lei 54/2003, de 12 de decembro, reforma o marco normativo da prevención de riscos laborais, e reforza a obriga de integrar a prevención de riscos no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os seus niveis xerárquicos, a través da implantación e aplicación dun **Plan de Prevención de Riscos Laborais**. Tamén o Real Decreto 604/2006, de 19 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, de 17 de xanero, que aproba o regulamento dos Servizos de Prevención como normativa de desenvolvemento da LPRL, establece esta necesidade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa, no conxunto das súas actividades, en todos os seus niveis xerárquicos e en todas as decisións (art. 1).

O Concello de Vigo acepta o compromiso de fomentar a cultura de prevención de riscos laborais na súa organización. A tal efecto, establece un Sistema de Prevención de Riscos Laborais baseado en promover un alto grao de benestar físico, mental e social dos/as empregados/as públicos/as municipais.

Este Sistema de Prevención de Riscos Laborais ten o seu fundamento na normativa vixente, e concretamente no artigo 14 da LPRL que establece o dereito dos/as traballadores/as a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, o que supón o correlativo deber do Concello de Vigo respecto dos/as traballadores/as ao seu servizo.

O presente Plan de Prevención de Riscos Laborais serve de base para a regulación de todas as actividades e accións que se levan a cabo no Concello de Vigo, e ten por obxecto fomentar a cultura preventiva por medio dunha maior integración e participación dos empregados públicos e a súa dirección nos sistemas de xestión preventivos. O Plan é de obrigado cumprimento, regula todas as actividades preventivas e completarase cos procedementos, guías e instruccións necesarios para o seu desenvolvemento.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



2. POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O Concello de Vigo recoñece como obxectivo estratéxico e fundamental, a atención preferente aos aspectos relativos á prevención de riscos laborais na actividade cotiá de todos/as os/as seus/súas empregados/as públicos/as municipais, co fin de acadar os maiores niveis de protección a través da mellora continua das condicións de traballo e a integración da prevención de riscos laborais.

Para iso, asume as obrigas recollidas na Lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e a súa normativa de desenvolvemento, e considéraas como o nivel mínimo de actuación a este respecto.

Este compromiso coa prevención e as responsabilidades que se derivan ataíen a todos os niveis que integran o concello: alcaldía, concellerías, xefes/as de área e de servizo/unidade, persoal de administración e servizos. Unicamente mediante a asunción desta política e o cumprimento e respecto das normas e procedementos por todos os estamentos e en todas as actividades, se poderá dar cumprimento a este obxectivo.

Con esta finalidade, o Concello de Vigo:

- Establecerá un sistema de prevención de riscos que conte cos medios adecuados para o alcance dos seus fins.
- Integrará a actividade preventiva en todos os seus niveis e actuacións.
- Fomentará unha cultura preventiva e promoverá actuacións que non se limiten á simple corrección a posteriori de situacións de risco xa manifestadas.
- Desenvolverá actividades de formación e información dirixidas a ter un mellor coñecemento dos riscos derivados do traballo.
- Fomentará a consulta e participación dos empregados/as públicos/as municipais na xestión da prevención de riscos laborais.
- Desenvolverá plans preventivos e de actuación dirixidos á mellora continua da seguridade e saúde dos/as seus/súas empregados/as públicos/as municipais.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 6 de 39

3. ACTIVIDADE E ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DE VIGO

A actividade do Concello de Vigo consiste na administración dos intereses do municipio e actúa conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. O concello estructúrase en áreas dependentes das Concellería de Área, das que dependen os distintos servizos. Cada servizo conta cun/unha xefe/a do servizo, que é o/a responsable do traballo realizado polos/as empregados/as públicos/as municipais ao seu cargo. Toda esta organización aparece recollida na RPT do Concello de Vigo.

Ademais dos/as funcionarios/as de carreira e interinos e persoal laboral, o concello conta con persoal laboral temporal para a execución de plans ou programas de emprego en colaboración con outras administracións públicas. Este persoal sempre está adscrito a un determinado servizo, e a efectos de prevención de riscos laborais teñen o mesmo trato que calquera outro/a traballador/a.

O Concello de Vigo conta con múltiples instalacións (ver anexo I) con diferente distribución e persoal adscrito.

De forma xenérica, o persoal está exposto aos riscos propios do entorno e das instalacións dos edificios, e ademais, segundo a actividade particular, o persoal está exposto aos riscos propios da súa actividade, entroutros: riscos químicos, mecánicos, eléctricos, biolóxicos, traballos en altura, etc., tal e como se recolle na avaliación de riscos correspondente.

As medidas de emerxencia de cada centro teñen en conta o tamaño, o número de persoas que poden ocupar o edificio, a posible presencia de persoal alleo (tanto contratadas coma visitantes...), así como as instalacións e as actividades que se levan a cabo.

APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno





4. INTEGRACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA

A Prevención de riscos laborais, como actuación a desenvolver no seo do Concello, queda integrada no conxunto das súas actividades e decisións, tanto nos procesos técnicos, na organización do traballo e nas condicións en que éste se preste, coma na líña xerárquica do concello, incluídos todos os seus niveis.

Consonte a este principio, todos os mandos deben coñecer todas as regras de prevención que afecten ao traballo que realiza o persoal ás súas ordes, coa fin de velar polo seu cumprimento.

A integración da prevención en todos os niveis xerárquicos implica a obriga de incluir a prevención de riscos en calquera actividade que se realice ou se ordene, e na toma de decisións, así como a atribución de tarefas en canto a seguridade e saúde do persoal que cada un teña baixo a súa responsabilidade.

As actividades de prevención de riscos laborias non se limitan ás accións dun único servizo encargado da prevención na organización, senón que hai actividades preventivas que deben integrarse nos procesos de traballo e nas tarefas cotiás. A tal efecto, o Concello de Vigo dotarase dunha estrutura preventiva para implantar e integrar o Sistema de Prevención de Riscos Laborais en cada departamento.

Son responsables da prevención de riscos laborais todos os/as empregados/as públicos/as municipais, sendo cada un/unha deles/as obxecto e suxeito da prevención de riscos.

APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno





5. ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN

Co obxecto de dar cumprimento ao Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención (en adiante RSP), en febreiro de 2004 se constituíu o **Servizo de Prevención Propio do Concello de Vigo** (Decreto de constitución de data 27 de febreiro de 2004), (en adiante SPRL-CV), e asumiu como propias as especialidades preventivas seguintes:

- Seguridade no traballo
- Hixiene Industrial
- Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada

O Concello de Vigo comprométese a dotar con medios humanos e materiais suficientes ao SPRL-CV (art. 10 RSP).

A especialidade de Medicina do Traballo (vixilancia da saúde) contrátase cun servizo de prevención alleo (en adiante SPA), que actuará de xeito coordinado co SPRL-CV, e que realizará a vixiancia do estado da saúde en función dos riscos inherentes ao traballo, de acordo co art. 22 da LPRL. O Servizo de Vixilancia da Saúde terá un/unha médico/a de medicina do traballo e un/unha ATS de traballo no edificio do concello, e un/unha médico/a no Parque Central de Santa Cristina, en horario habitual de traballo da maioría dos/as empregados/as públicos/as municipais.

Sin prexuízo da existencia do SPRL-CV, as actividades preventivas integraranse no conxunto de actuacións e decisións, tanto nos procesos técnicos, na organización do traballo e nas condicións en que éste se presta, así como na liña xerárquica da organización, incluídos todos os seus niveis. Con este fin, e dada a complexidade do Concello de Vigo, con centros dispersos por todo o municipio, e servizos con actividade moi diversa, o SPRL-CV contará cun/cunha colaborador/a en cada servizo que será o/a xefe/a (ou persoa/s na que delegue).

Nos casos en que se trate de avaliaciós especialmente complexas e como apoio para a actividade do Servizo de Prevención Propio, poderase contar con expertos externos.

O fin principal das actividades do Servizo de Prevención Propio é garantir a adecuada protección da seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais. Asesora e asiste ao Concello de Vigo no que se refire a:

1. Avaliar os factores de risco que afectan á seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.
2. Deseñar, aplicar e coordinar os plans e programas de actuación preventiva.
3. Determinar as prioridades na adopción das medidas preventivas adecuadas e a vixilancia da súa eficacia.
4. Informar e formar aos/ás empregados/as públicos/as municipais en materia de prevención e protección.
5. Definir e implantar os Plans de Autoprotección e medidas deemerxencia.

APROBADO NA SESIÓN
PRIMERA DE DIA
29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno





Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010 Edición: 01 Páxina 9 de 39

6. Investigar os accidentes de traballo, os incidentes, e as posibles situacions de emergencia.
7. Vixiar a saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais en relación cos riscos derivados do seu traballo.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



6. CONSULTA E PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES

Delegados de prevención:

Tal e como indica o artigo 35 da LPRL, os delegados de prevención son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos laborais, elixidos por e entre os órganos de representación previstos.

De acordo co citado art. 35, o número de delegados de prevención que corresponde ao Concello de Vigo é de 5. As súas competencias e facultades están recollidas no art. 36 da LPRL.

Comité de Seguridade e Saúde Laboral

De acordo co art. 38 da LPRL, nas empresas ou centros de traballo que contan con máis de 50 traballadores crearase Comité de Seguridade e Saúde Laboral (en adiante CSSL).

O CSSL é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos. Está formado polos delegados de prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes, en número igual ao dos delegados de prevención doutra. As competencias e facultades do CSSL recóllense no art. 39 da LPRL.

O "Acordo Regulador do Concello de Vigo" do ano 1998 establece no artigo 39 que se constituirá un Comité de Seguridade e Saúde. O 23 de novembro de 1998 constituíuse o CSSL do Concello de Vigo. Actualmente está formado por cinco delegados de prevención e cinco responentes do concello, e é presidido polo/a Concelleiro/a-delegado/a da Área de Xestión Municipal. O regulamento de funcionamento do CSSL do Concello de Vigo foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 31 de marzo de 2003.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



7. FUNCIONES E RESPONSABILIDADES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Da Dirección do Concello de Vigo (ALCALDÍA E XUNTA DE GOBERNO LOCAL)

- Aprobar e difundir a política de prevención do Concello de Vigo, fomentando a implantación dunha cultura preventiva.
- Impulsar e esixir a implantación e o cumprimento do plan de prevención de riscos laborais, obxectivos, sistema de xestión de seguridade e saúde laboral, procedementos, execución de medidas preventivas e correctoras e requisitos legais.
- Integrar a prevención de riscos laborais nas decisións e actividades do Concello de Vigo.
- Proporcionar os recursos humanos e materiais necesarios que permitan o funcionamento axeitado do SPRL-CV.
- Asumir o custo das medidas relativas á seguridade e saúde no traballo.
- Fixar os mecanismos para a coordinación entre os distintos Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPRL-CV, co fin de integrar a prevención.
- Facilitar que se respecten os dereitos de consulta e participación dos/as empregados/as públicos/as municipais.
- Determinar os mecanismos que permitan manter actualizada a documentación esixida pola normativa vixente.
- Garantir a formación e información dos/as empregados/as públicos/as municipais sobre os riscos do posto de traballo e as medidas a adoptar.
- Asegurar o dereito á vixilancia da saúde para todos os/as empregados/as públicos/as municipais do concello.
- Asegurar o cumprimento do RD 171/2004, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Asegurar protección específica a determinados/as empregados/as públicos/as municipais (traballadores especialmente sensibles, traballadoras en situación de maternidade ou lactancia, menores de idade...)
- Supervisar o funcionamento e revisar periodicamente o sistema de xestión de seguridade e saúde laboral e establecer auditorías, e, en función dos resultados, establecer medidas para corrixir e acadar a mellora contínua do sistema.
- Consultar as decisións que poden repercutir na seguridade e saúde laboral.



APROVACIÓN DE LA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Todo isto sen prexuízo das propias dos Concelleiros-delegados de Área nos termos do disposto nos correspondentes Decretos de Delegación de competencias.

Dos directores e coordinadores de área

As funcións e responsabilidades destes cargos serán asignadas no momento no que sexan nomeados no Concello de Vigo.



Dos Xefes/as dos Servizos ou Unidades

- Difundir a política de prevención e riscos laborais do Concello de Vigo.
- Incluir dentro da proposta de orzamentos do seu servizo as partidas necesarias para garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, en función das avaliaciós de riscos e informes técnicos do SPRL-CV.
- Garantir a formación e información dos/as empregados/as públicos/as municipais do seu servizo sobre os riscos específicos do posto de traballo e das medidas de prevención e protección a adoptar.
- Xestionar a execución das medidas preventivas planificadas para o seu servizo e aplicar as medidas correctoras.
- Informar, cumplir e facer cumplir ao persoal ao seu cargo os requisitos legais, o plan de prevención de riscos laborais, os procedementos, as instrucións, e as normas de seguridade e saúde.
- Adoptar as medidas necesarias para que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo e garantan a seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.
- Proporcionar os equipos de protección individual que sexan necesarios seguindo as especificacións técnicas marcadas polo SPRL-CV.
- Colaborar co SPRL-CV na avaliación de riscos, controis das condicións de traballo, actuación preventiva e notificarlle as variaciós que se produzan nas condicións de traballo e no cadro de persoal.
- Comunicar ao SPRL-CV os accidentes de traballo e enfermidades profesionais no prazo máis breve posible e colaborar na súa investigación. No caso de accidentes graves, moi graves e mortais a comunicación se realizará dentro da xornada laboral na que se producíu o feito.
- Informar ao SPRL-CV, por escrito e de forma inmediata, de calquera incidencia relacionada coa seguridade e saúde laboral dos medios materiais e humanos do seu servizo.



- Realizar as adapcions ou cambios de posto de traballo indicados polo Servizo de Vixilancia da saúde en colaboración co Servizo de Recursos Humanos.
- Elaborar os procedementos de traballo seguro, as instruccións de traballo complementarias, e as normas de seguridade e saúde específicas do seu servizo coa colaboración do SPRL-CV.
- Cumprir e facer cumprir as guías e procedementos aprobados polo Concello de Vigo.
- Propoñer, dentro do cadre de persoal do seu servizo, os recursos preventivos, no caso necesario.
- Elevar á consulta do Comité de Seguridade e Saúde as decisións e cuestións que incidan na prevención de riscos laborais.
- Informar ao servizo de prevención das medidas preventivas adoptadas e da súa efectividade.
- Non exercer nin permitir condutas de acoso no traballo, nin de violencia.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Do Xerente do Parque Central de Servizos

As establecidas para os xefes de servizo, e ademais, as seguintes:

- Controlar e supervisar o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais nas instalacións do Parque Central de Servizos.
- Conocer e interesarse por todos os asuntos relacionados coa prevención de riscos laborais dentro do Parque Central de Servizos.
- Fomentar a integración da prevención de riscos laborais no conxunto das actividades e traballadores do Parque Central de Servizos.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Dos Xefes/as de Área

As establecidas para os xefes de servizo, e ademais, as seguintes:

- Controlar e supervisar o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais nos servizos e unidades dependentes da súa área.
- Conocer e interesarse por todos os asuntos relacionados coa prevención de riscos laborais dentro da súa área.



APROVADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



- Fomentar a integración da prevención de riscos laborais no conxunto das actividades da área.
- Aprobar os procedementos de traballo seguro, as instruccións de traballo complementarias, e as normas de seguridade e saúde específicas elaboradas polos/as servizos/unidades da súa área.
- Defender ante Intervención Xeral, nos orzamentos dos servizos e unidades da súa área, a inclusión de partidas específicas para garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.



Vigo, a - 7 DEC. 2010

Dos directores de escolas obradoiro e obradoiro de emprego

O Secretario Xeral do Pleno

- Difundir a política de prevención e riscos laborais do Concello de Vigo.
- Garantir a formación e información dos/as empregados/as públicos/as municipais da súa escola ou obradoiro sobre os riscos específicos do posto de traballo e das medidas de prevención e protección a adoptar.
- Xestionar a execución das medidas preventivas planificadas para a súa escola ou obradoiro e aplicar as medidas correctoras.
- Informar, cumplir e facer cumplir ao persoal ao seu cargo os requisitos legais, o plan de prevención de riscos laborais, os procedementos, as instruccións, e as normas de seguridade e saúde.
- Adoptar as medidas necesarias para que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo e garantan a seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.
- Proporcionar os equipos de protección individual que sexan necesarios seguindo as especificacións técnicas marcadas polo SPRL-CV.
- Colaborar co SPRL-CV na avaliación de riscos, controis das condicións de traballo, actuación preventiva e notificarlle as variacións que se produzan nas condicións de traballo e no cadro de persoal.
- Comunicar ao SPRL-CV os accidentes de traballo e enfermidades profesionais no prazo máis breve posible e colaborar na súa investigación. No caso de accidentes graves, moi graves e mortais a comunicación se realizará dentro da xornada laboral na que se producíu o feito.
- Informar ao SPRL-CV, por escrito e de forma inmediata, de calquera incidencia relacionada coa seguridade e saúde laboral dos medios materiais e humanos do seu servizo.
- Colaborar nas adapcións ou cambios de posto de traballo indicados polo Servizo



de Vigilancia da saúde en colaboración co Servizo de Recursos Humanos e o Servizo ao que están adscritos.

- Elaborar os procedementos de traballo seguro, as instruccións de traballo complementarias, e as normas de seguridade e saúde específicas do seu servizo coa colaboración do SPRL-CV.
- Cumprir e facer cumprir as guías e procedementos aprobados polo Concello de Vigo.
- Propoñer, dentro do cadre de persoal ao seu cargo, os recursos preventivos, no caso necesario.
- Elevar á consulta do Comité de Seguridade e Saúde as decisións e cuestións que incidan na prevención de riscos laborais.
- Informar ao servizo de prevención das medidas preventivas adoptadas e da súa efectividade.
- Non exercer nin permitir condutas de acoso no traballo, nin de violencia.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Dos Mандos Intermedios

Enténdese por mandos intermedios aqueles traballadores que sen ostentan ningún dos cargos citados nos apartados anteriores teñen persoal ao seu cargo, como poden ser capataces, xefes de equipo, xefes de quenda, xefes de negociado, docentes de obradoiros de emprego ou escolas obradoiro, etc.

- Cooperar co/coa xefe/a do servizo/área para que este/a poda garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.
- Supervisar e vixiar o cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral por parte das persoas que traballan ao seu cargo e incentivalas e transmitirlles comportamentos seguros.
- Informar aos/ás empregados/as públicos/as municipais ao seu cargo sobre os riscos específicos do posto de traballo e das medidas de prevención e protección a adoptar.
- Informar de inmediato ao seu superior e ao SPRL-CV acerca de calquera situación que ao seu xuízo, ou dos/as empregados/as públicos/as municipais ao seu cargo, entrañe, por motivos razonables, un risco para a seguridade e a saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.
- Colaborar co SPRL-CV na avaliación de riscos, nos controis das condicións de traballo, na actuación preventiva e na investigación dos accidentes/incidentes e



PLENARIA DE DATA
29 NOV. 2010
Vigo, a 27 DEC. 2010
O Secretario Xeral do Pleno



enfermidades profesionais.

- Contribuir ao cumprimento das obrigas establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais no traballo.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Dos Recursos Preventivos

- Vixiar o cumprimento das actividades preventivas, debendo permanecer no centro de traballo durante o tempo que se manteña a situación que determine a súa presenza.
- Cando observen un deficiente cumprimento das actividades preventivas, realizarán as indicacións necesarias para a emenda deste feito, e porán tales circunstancias en coñecemento dos/as superiores xerárquicos, para que estes adopten as medidas preventivas necesarias co fin de diminuír ou eliminar a situación de risco.
- Cando observen ausencia, insuficiencia ou falta de adecuación das medidas preventivas, informarán aos /ás superiores xerárquicos para que estes adopten as medidas preventivas necesarias co fin de diminuír ou eliminar a situación de risco.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Dos/as Delegados/as de Prevención

- Colaborar na mellora da acción preventiva.
- Promover e fomentar a cooperación dos/as empregados/as públicos/as municipais na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Exercer unha labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- Velar pola corrección das deficiencias detectadas e comprobar a eficiacia das medidas correctoras propostas ou implantadas.
- Colaborar co SPRL-CV, comunicándolle os riscos detectados ou comunicados polos traballadores, así como calquera incidencia, anomalía ou proposta en materia de prevención de riscos laborais.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Dos/as Empregados/as Públcos/as Municipais

- Velar, de acordo ás súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 9 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo, e pola daquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, a causa dos seus actos e omisións no traballo, de conformidade coa súa formación e as instrucións dos seus superiores xerárquicos.

- Usar adecuadamente, de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, as máquinas, aparatos, ferramentas, substancias perigosas, medios de transporte e, en xeral, calquera outro medio co que desenvolvan a súa actividade.
- Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo concello, de acordo coas instrucións recibidas.
- Non poñer fora de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que ésta teña lugar.
- Informar de inmediato ao seu superior xerárquico directo, e aos/ás empregados/as públicos/as municipais designados/as para realizar actividades de protección e de prevención, aos/ás delegados/as de prevención, ou ao SPRL-CV, acerca de calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe, por motivos razoabeis, un risco para a seguridade e a saúde dos/as traballadores/as.
- Contribuir ao cumprimento das obrigas establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais no traballo.
- Cooperar coa dirección do concello para que ésta poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.
- Durante o tempo de traballo non consumir alcohol e/ou outras drogas que poidan entrañar un perigo no traballo, e non acudir ao traballo baixo o efectos destas substancias.
- Non fumar nos centros de traballo (salvo espazos ao aire libre).
- Participar e asistir aos cursos de formación preventiva do concello.
- Manter limpo e ordenado o seu posto de traballo.
- Formar parte, cando se lles designe, dos equipos de emerxencia que se determinen para os plans de autoprotección e medidas de emerxencia nos edificios municipais.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Do Servizo de Recursos Humanos

- Comunicar ao SPRL-CV as novas incorporacións de persoal indicando o posto e



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



servizo de destino coa antelación suficiente.

- Comunicar ao SPRL-CV as contratacóns de persoal especialmente sensible, menores ou embarazadas.
- Comunicar puntualmente ao SPRL-CV os accidentes de traballo e/ou enfermidades profesionais.
- Comunicar ao SPRL-CV cambios de posto de traballo ou de funcións dos empregados públicos municipais.
- Garantir as adaptacións ou cambios de posto de traballo indicados polo Servizo de Vixilancia da Saúde.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.

Do Servizo de Prevención de Riscos do Concello de Vigo

- Difundir a política de prevención de riscos laborais do Concello de Vigo e participar na implantación e integración da cultura preventiva.
- Elaborar, planificar, coordinar e actualizar os plans de prevención de riscos laborais.
- Elaborar, planificar, coordinar e manter actualizadas as avaliacóns de riscos laborais e plans de acción dos distintos servizos do concello.
- Elaborar os plans de emerxencia ou autoprotección dos distintos centros do concello, mantelos actualizados e promover a súa implantación por medio de formación, simulacros, etc.
- Coordinarse coas Unidades, Servizos e Áreas do Concello co fin de integrar a prevención en todas as actividades.
- Informar e asesorar sobre temas relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Investigar os accidentes de traballo e enfermidades profesionais, propoñer medidas correctoras, e integrar os resultados destas investigacións nos plans anuais que se elaboren.
- Planificar e xestionar a formación e información en materia de prevención de riscos laborais para todos/as os/as empregados/as públicos/as municipais do Concello. Esta formación e información será acorde aos riscos aos que está exposto o/a traballador/a.
- Coordinarse co Servizo de Vixilancia da Saúde (Servizo de Prevención Allo), facilitando as avaliacóns de riscos laborais, e xestionando o resultado da vixilancia da saúde.
- Realizar controis periódicos das condicións de traballo, e proponer medidas



APROBADO NA SESIÓN

PLENARIA DE PLENO

Vigo, a - 7 DEZ. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010 Edición: 01 Páxina 19 de 39

preventivas frente ás situacións de risco detectadas.

- Velar pola corrección das deficiencias detectadas e comprobar a eficacia das medidas correctoras ou implantadas.
- Colaborar coa Autoridade Laboral e co Comité de Seguridade e Saúde Laboral.
- Colaborar para que o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais sexa efectiva en todo o concello.
- En xeral, calquera outra recollida na LPRL e RSP ou na normativa interna do Concello de Vigo.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA
Vigo, a - 7 DEC. 2010
O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



8. AVALIACIÓN DE RISCOS E PLANIFICACIÓN

A acción preventiva do Concello de Vigo planifícase partindo da avaliación de riscos laborais, que é o punto de referencia para tomar as medidas adecuadas co obxecto de garantir a seguridade e protección da saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais.

A avaliación ten que ser un proceso contínuo e, en calquera caso, de acordo co art. 16 da LPRL será revisada con ocasión dos danos para a saúde que se produzan. Ademais realizaranse avaliacións periódicas das condicións de traballo e da actividade dos/as empregados/as públicos/as municipais na prestación dos seus servizos, e con ocasión da adquisición de equipos de traballo, de substancias ou preparados químicos, introdución de novas tecnoloxías, modificacións no lugar de traballo ou incorporación ou detección dun/unha empregado/a público/a municipal que presente características persoais ou estado biolóxico que o/a faga especialmente sensible ás condicións do posto, que sexan postas en coñecemento do SPRL-CV.

No que se refire aos aspectos psicosociais das condicións de traballo, realizaranse intervencións encamiñadas á instauración de boas relacións humanas que contribúan a crear un bo clima psicosocial.

En canto ás condicións de traballo referentes a aspectos ergonómicos, realizaranse intervencións tratando de analizar as tarefas, ferramentas e modos de producción asociadas a unha actividade laboral, co obxectivo de evitar os accidentes e patoloxías laborais, diminuír a fatiga física e mental, e aumentar o nivel de satisfacción do traballador, así como o seu rendemento.

Metodoloxía:

Dende o SPRL-CV realizaranse avaliacións de riscos por servizos, unidades ou centros, tendo en conta o entorno de traballo (lugares de traballo, instalacións...) e os riscos específicos asociados a cada posto de traballo.

A metodoloxía das avaliacións realizadas consistirá na identificación do risco, a súa estimación considerando a posibilidade de que o risco se materialice e a potencial severidade do dano, e a súa valoración tendo en conta as dúas variables anteriores.

Cando exista regulamentación específica para un determinado risco, ésta será aplicada, e se é necesario facer algún tipo de medición ou aplicar unha determinada metodoloxía, se realizará de acordo coa normativa de aplicación.

A partir da avaliación de riscos laborais proporanse unha serie de medidas correctoras para eliminar ou reducir os riscos detectados, das que se determinará a prioridade en función da valoración establecida. Sempre que sexa técnica e razonablemente posible



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 21 de 39

adoptaranse as medidas que antepoñan a protección colectiva a individual.

Seguimento e verificación

Os/as xefes/as de cada servizo/área/unidade e mandos intermedios vixiarán o cumprimento e mantemento das normas, medidas e dispositivos de seguridade, e informarán inmediatamente ao Servizo de Prevención Propio de calquera cambio ou anomalía detectado nas condicións de traballo e/ou no persoal ao seu servizo.

Os técnicos de prevención de riscos laborais do SPRL-CV ou SPA que se contrate poderán realizar controis das condicións de seguridade e saúde e serán acompañados polos delegados de prevención, se éstes últimos o consideran oportuno. En caso de que detecten situacións de risco concretas que poidan materializarse en danos para a saúde física ou mental, os técnicos de prevención emitirán un informe ao persoal responsable do servizo de que se trate, do que enviarán copia aos delegados de prevención.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



9. FORMACIÓN DOS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS MUNICIPALES

O Concello de Vigo posibilitará que cada traballador/a reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada en materia preventiva, tal e como se indica no artigo 19 da LPRL, tanto no momento da súa contratación como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduznan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

Con este fin, o SPRL-CV establecerá anualmente plans de formación específicos en materia de prevención de riscos laborais, para os que tomará como base a avaliación de riscos laborais, os danos á saúde dos/as traballadores/as que se teñan producido, e as propostas dos/as delegados/as de prevención e dos/as responsables dos servizos. O Plan de Formación en materia de prevención de riscos laborais será aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

A formación impartirase por medios propios ou concertados con servizos de prevención alleos, entidades especializadas de formación ou profesionais de recoñecido prestixio.

10. INFORMACIÓN DOS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS MUNICIPALES

Os/as empregados/as públicos/as municipais recibirán todas as informacións necesarias en relación con:

-Os riscos para a seguridade e a saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais no traballo, tanto aqueles riscos xerais como os específicos do posto ou función.

-As medidas e actividades de protección e prevención aplicables aos riscos sinalados no apartado anterior.

-As medidas adoptadas en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos/as traballadores/as.

-En xeral, calquera outra información que sexa do seu interese a efectos de prevención de riscos laborais.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



11. PROTECCIÓN DE TRABALLADORES/AS ESPECIALMENTE SENSIBLES, DA MATERNIDADE E DOS MENORES

As avaliacións de riscos laborais terán en conta de forma específica a aqueles/as traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos para adoptar as medidas preventivas e de protección necesarias. O Concello de Vigo garantirá de xeito específico a protección dos/as empregados/as públicos/as municipais que, polas suas características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídos aqueles/as que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo.

No caso de empregados/as públicos/as municipais que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, e así o comuniquen ao Servizo de Recursos Humáns ou ao SPRL-CV, seguirase o Procedemento de Adaptación de Posto de Traballo do Concello de Vigo e, en calquera caso, cumprirase sempre co establecido no artigo 25 da LPRL e no RSP.

No caso de traballadoras embarazadas ou en periodo de lactancia, seguirase o Procedemento de Protección á Maternidade do Concello de Vigo, e, en calquera caso, cumprirase sempre co establecido na LPRL (artigo 26) e no RSP (artigo 4, anexo VII e anexo VIII)

En canto a protección dos menores, cumprirase sempre co establecido na LPRL (artigo 27), e respetarase o contido no Decreto de 26 de xullo de 1957 polo que se regulan os traballos prohibidos a mulleres e menores.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



12. EQUIPOS DE TRABALLO, MÁQUINAS E INSTALACIÓNS

De acordo co art. 17 da LPRL, o Concello de Vigo e os/as resposables das áreas/servizos/unidades escollerán os equipos de traballo de xeito que sexan os adecuados ao traballo que se vai realizar e convenientemente adaptados a tal efecto, e que garantan a seguridade e saúde dos traballadores ao utilizalos.

Se a utilización dos equipos de traballo pode presentar un risco específico para a seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais, o Concello de Vigo adoptará as medidas necesarias co fin de que:

- A utilización do equipo de traballo quede reservada aos/ás traballadores/as coa cualificación suficiente para utilizalo.
- Os traballos de reparación, transformación, mantemento ou conservación sexan realizados polos/as traballadores/as específicamente capacitados para facelo.

Todos os equipos de traballo do Concello de Vigo deberán adecuarse a normativa vixente. Os titulares dos servizos manterán actualizado un inventario dos seus equipos de traballo e informarán das variacións que se produzcan ao SPRL-CV, para permitir a actualización da avaliación de riscos en caso necesario, e solicitarán á empresa que vende ou aluga que forme aos/ás usuarios/as da máquina/ equipo de traballo no seu manexo, e nas normas básicas de prevención de riscos laborais durante o seu uso. Esta formación deberá ser acreditada por escrito e remitirán unha copia ao SPRL-CV para o seu arquivo.

Todas as máquinas que se adquiran deberán contar cos requisitos que esixe a normativa (RD 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas), como son o marcado CE (estampado xunto ao nome do fabricante ou representante autorizado), acompañado da declaración CE de conformidade e manual de instrucións, ambos, como mínimo, en castelán.

No que respecta aos equipos de traballo existentes deben adecuarse ao establecido no RD 1215/1997.

Calquera máquina que sufra unha modificación que afecte as condicións que lle otorgaron a certificación (marcado CE ou certificación de conformidade) debe ser novamente certificada considerando as modificacións realizadas.

Aluguer de equipos de traballo: os equipos de traballo alugados deben cumplir igualmente coa normativa, polo que se solicitará ao proveedor copia da documentación relativa á seguridade (declaración CE de conformidade comprobando que dispón de marcado CE ou copia do informe de adecuación ao RD 1215/1997, así como copia do manual de seguridade en castelán ou galego). Tanto se o equipo vai ser utilizado por persoal do concello como por persoal alleo, éste estará capacitado, formado e autorizado para o seu uso.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 25 de 39

No que respecta ás instalacións, o Concello de Vigo, a través do/a xefe/a de servizo/área responsable da instalación, contará cun calendario que manterá actualizado coas instalacións presentes en cada centro de traballo, que incluirá as revisións e inspeccións que deben pasar de acordo coa normativa vixente.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



13. SUBSTANCIAS PERIGOSAS E AXENTES BIOLÓXICOS

O Real Decreto sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas (RD 363/1995 e posteriores modificacións), e o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos (aprobado polo RD 255/2003 e posteriores modificacións) determinan que é necesario unha relación e identificación de sustancias e preparados perigosos.

As substancias e preparados químicos xeran riscos que é necesario avaliar e controlar (derrames, incendios, explosións...). As consecuencias da materialización destes riscos afectan ás persoas, aos bens e ao medio ambiente. A súa avaliación axuda a concebir adecuadamente o espazo de traballo, sinalar os riscos, controlar os valores límite de exposición profesional a substancias perigosas, eliminar os produtos perigosos utilizados cando sexa posible, e empregar a protección adecuada cando se realicen traballos que representen un risco para a saúde e a seguridade.

A perigosidade da substancia ou preparado ven definida na etiqueta, e con máis detalle na Ficha de Datos de Seguridad (en adiante FDS) que o provedor debe proporcionar xunto coa substancia ou preparado. Cada servizo contará co listado actualizado das substancias ou preparados químicos perigosos que utiliza, e disporá das FDS de cada un destes preparados ou substancias, que estarán a disposición dos/as empregados/as públicos/as municipais que os utilicen. Así mesmo os servizos deberán informar ao SPRL-CV puntualmente da nova adquisición de substancias ou preparados, remitindo copia da correspondente FDS para o seu arquivo, así como para poder actualizar a avaliação de riscos laborais, en caso necesario.

O almacenamento destas sustancias farase de acordo coa sua perigosidade, tendo en conta as incompatibilidades de almacenamento. A persoa responsable do servizo informará en todo momento ao persoal sobre os riscos e medidas de seguridade que se deben ter en conta para a manipulación destas substancias e preparados.

Para os traballos con substancias canceríxenas ou mutáxenas se cumplirá o RD 665/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo. Igualmente se terá en conta a lexislación específica, en caso de que exista, para a utilización de substancias de especial risco (por exemplo, o amianto)

No que se refire aos axentes biolóxicos terase en conta o RD 664/1997, de 12 de maio, protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DEC. 2010
O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010 Edición: 01 Páxina 27 de 39

14. EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

O Concello de Vigo comprométese a antepoñer a protección colectiva á individual, e a facilitar aos/as empregados/as públicos/as municipais os equipos de protección individual (en adiante EPIs), que sexan necesarios para o desenvolvemento seguro do seu traballo, e seguindo as especificacións técnicas marcadas polo SPRL-CV.

Cada empregado/a público/a municipal será responsable da súa utilización, coidado e mantemento seguindo as instrucións marcadas polo fabricante de cada equipo. A posible perda, rotura, deficiencia ou incomodidade excesiva deberá ser comunicada ao superior inmediato, quen se responsabilizará da súa reposición, e da comunicación ao SPRL-CV no caso de ser necesaria a súa substitución (modificación do tipo de EPI).

No caso de entrega de EPIs, seguirase o Procedemento de Entrega e Adquisición de EPIs do Concello de Vigo, e, en calquera caso, cumprirase co establecido na LPRL (art. 15 e 17), RSP, RD 1407/1992, de 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual, e no RD 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.

O Concello de Vigo comprométese a non comprar EPIs que non dispoñan de marcado CE e folleto informativo en idioma comprensible para o usuario. Os equipos de protección individual disporán do correspondente marcado CE e das instruccións para a súa correcta utilización e mantemento, que serán postas a disposición do traballador usuario.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



15. COORDINACIÓN DAS/OS ÁREAS/SERVIZOS/UNIDADES CO SPRL-CV

As/os distintas/os áreas/servizos/unidades do Concello de Vigo deberán estar coordinadas/os co SPRL-CV no refirido a:

- Obras promovidas polo Concello de Vigo.
- Contratas, subcontratas, e autónomos, ... que realicen traballos para o concello.
- Equipos de traballo e máquinas adquiridos/alugados.
- Substancias químicas e/ou preparados adquiridos.
- Incorporación de persoal
- Comunicación de calquera situación anómala que se detecte.
- Propostas en materia de prevención de riscos laborais.

16. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Cando o Concello de Vigo contrate os servizos doutra empresa ou persoal autónomo cumprirase o especificado no artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e o RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

Cando se trate de obras de construcción será de aplicación o RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción.

Coa finalidade de dar cumprimento á normativa citada (RD 171/2004 e RD 1627/1997) seguirase o establecido na Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo, recollida no anexo II deste Plan de Prevención.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 29 de 39

17. PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN DO CONCELLO DE VIGO

Os plans de emerxencia ou autoprotección dos distintos centros do Concello de Vigo analizan as posibles situacións de emergencia e propoñen as medidas a adoptar en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos/as traballadores/as e visitantes. Para implantalos, os responsables da dirección dos distintos centros designarán ao persoal encargado de pór en práctica estas medidas e estableceranse comprobacións do correcto funcionamento dos medios materiais e humanos. Coa mesma finalidade, impartirase formación e realizaranse simulacros para unha correcta implantación dos plans, que aseguren o seu coñecemento por parte de todo o persoal, e descubran a posible existencia de erros para a súa posterior emenda.

O SPRL-CV manterá actualizado os Plan de Autoprotección ou emerxencia dos distintos edificios do concello e promoverá as accións necesarias para a súa implantación. Os Plans de emerxencia e autoprotección serán aprobados en Xunta de Goberno Local.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



18. VIXILANCIA DA SAÚDE

Co obxecto de dar cumprimento ao mandato legal de garantir a vixilancia da saúde dos traballadores tal e como establece o artigo 22 da LPRL, o Concello de Vigo contratará a especificidade de vixilancia da saúde cun Servizo de Prevención Alleo, que porá a disposición do Concello de Vigo un/unha médico/a de medicina do traballo e un/unha ATS de empresa na casa do concello e un/unha médico/a no Parque Central de Servizos en horario coincidente co habitual da maioría do persoal do concello.

O SPA co que se contrate a vixilancia da saúde traballará de xeito coordinado co SPRL-CV. Os recoñecementos médicos levaranse a cabo de acordo aos posibles riscos laborais aos que poida estar exposto cada un dos/as empregados/as públicos/as municipais, aplicándose os protocolos médicos correspondentes en función destes. Con este obxecto, o Servicio Médico contará coas avaliaciós de riscos laborais, e anualmente elaborará un documento que indique, para cada posto de traballo, os protocolos que se deben aplicar, así como a obrigatoriedade e a periodicidade coa que se debe realizar a vixilancia da saúde. Este documento será aprobado anualmente polo Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Os resultados da vixilancia da saúde serán comunicados a cada traballador/a respectando o seu dereito a intimidade e a confidencialidade dos datos. O Servizo de Prevención será informado sobre se os/as empregados/as públicos/as municipais son Aptos, Non Aptos, ou Aptos con limitacións para o seu traballo habitual. No caso de traballadores Non Aptos ou Aptos con limitacións para o seu posto, esta situación será comunicada ao/á xefe/a do servizo ao que está adscrito o traballador, ao/á xefe/a de Recursos Humanos, e aos/ás delegados/as de prevención, e, no seu caso, se procederá á adaptación do posto de traballo.

No caso de adaptación de posto de traballo, se seguirá o Procedemento de Adaptación de Posto de Traballo do Concello de Vigo, e, en calquera caso, cumplirase co establecido na LPRL e no RSP.

Esta vixilancia da saúde só poderá levarse a cabo cando o/a traballador/a preste o seu consentimento, a excepción de aqueles casos en que a realización dos recoñecementos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos/as empregados/as públicos/as municipais, para verificar se o estado de saúde do/a traballador/a pode constituir un perigo para él, para os/as demás traballadores/as ou para outras persoas relacionadas co Concello de Vigo, ou se así está establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade. O documento que recolle os postos para os que o recoñecemento é obligatorio é aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo. En relación coa periodicidade cumplirase o establecido na LPRL (art. 22) e no RSP (art. 37.3.b)



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 31 de 39

19. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES DE TRABAJO, INCIDENTES E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

Para dar cumprimento ao artigo 16.3 da LPRL, o Concello de Vigo investigará os accidentes de traballo e enfermidades laborais co fin de detectar as súas causas. Así mesmo investigaranse aqueles incidentes (sucesos nos que non se produciu lesión, pero que baixo circunstancias lixeiramente diferentes, poderían ter resultado en accidente) que se consideren de especial interese para a prevención de posibles accidentes con lesión.

Os servizos do Concello de Vigo deberán remitir, no momento no que teñan constancia do accidente/incidente de traballo ou enfermidade profesional, o parte de comunicación ao Servizo de Recursos Humanos e ao SPRL-CV na forma habilitada por estes últimos servizos.

A investigación dos accidentes e incidentes proporcionará información sobre aspectos tales como a identificación de novos riscos que non estiveran detectados na avaliación de riscos, o que obrigará a súa revisión, identificación das causas que provocaron o accidente/incidente e/ou revelará a insuficiencia ou falta de adecuación dos medios de prevención ou protección existentes.

A investigación de accidentes/incidentes complementarase coa información que proporciona periodicamente a Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais sobre os índices de siniestralidade.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010



20. XESTIÓN DE SITUACIÓNS E TRABALLOS DE ESPECIAL PERIGOSIDADE

A Lei 54/2003, de modificación do marco normativo da LPRL, introduciu a esixencia de, en determinados supostos, contar coa presenza de recursos preventivos no centro de traballo.

A presenza destes recursos preventivos é necesaria, de acordo coa Lei 54/2003 e o RD 604/2006, nos seguintes casos:

a) Cando os riscos poidan verse agravados ou modificados, no desenvolvemento do proceso ou actividade, pola concurrencia de operacións diversas que se desenvolvan sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo.

b) Cando se realicen as seguintes actividades ou procesos perigosos ou con riscos especiais:

-Traballos con risco especialmente grave de caída dende altura, polas particulares características da actividade realizada, os procedementos aplicados, ou o entorno do posto de traballo.

-Traballos con risco de sepultamento ou afundimento.

-Actividades nas que se utilicen máquinas que carezan de declaración CE de conformidade por ser a súa data de comercialización anterior á esixencia de tal declaración con carácter obligatorio, que sexan de igual tipo que aquelas para as que a normativa sobre comercialización de máquinas requira a intervención dun organismo notificado no procedemento de certificación, cando a protección do traballador non estea suficientemente garantida non obstante terse adoptado as medidas regulamentarias de aplicación.

-Traballos en espacios confinados. A estes efectos enténdese por espacio confinado o recinto con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, na que poden acumularse contaminantes tóxicos ou inflamables ou que pode haber unha atmósfera deficiente en osíxeno, e que non está concebido para a súa ocupación continuada polos traballadores.

-Traballos con riscos de afogamento por inmersión, salvo o disposto no apartado 8.a. do artigo 22 bis do RD 604/2006, referido aos traballos en inmersión con equipo subacuático.

c) Cando a necesidade de dita presenza sexa requerida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, se as circunstancias do caso así o esixiran debido ás condicións de traballo detectadas.

Cada servizo que desenvolva traballos nos que poda ser necesaria a presenza de recursos preventivos, contará con eles. Serán traballadores cualificados nos traballos a realizar, e cunha formación en prevención de, como mínimo, o curso básico de 50 horas. Estes recursos preventivos serán nomeados por decreto de concelleiro que teña



PLENARIA DE DATA
29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 33 de 39

delegadas as competencias en materia de seguridade e saúde laboral a proposta dos xefes/as de servizo/área/unidade.

Igualmente, para garantir que determinados traballos que poidan xerar accidentes con consecuencias graves debido á intervención en instalacións ou ámbitos perigosos se realizan baixo condicións controladas, estableceranse sistemas de permiso de traballo para operacións de soldadura, traballos en espazos confinados, etc.



APROBADO NA SESIÓN
PRESIDIDA POR DATA 29 NOV. 2010
Vigo, a - 7 DEC. 2010
O Secretario Xeral do Pleno
[Signature]



Concello de Vigo

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Código: SPRL-CV-PPRL Data: xullo 2010

Edición: 01

Páxina 34 de 39

21. AUDITORÍAS

O Concello de Vigo realizará auditorías periódicas co fin de obter a imaxe fiel do sistema de prevención de riscos laborais, valorando a súa eficacia e detectando as posibles deficiencias que poidan dar lugar a incumplimentos da normativa vixente para permitir a adopción de decisións dirixidas ao seu perfeccionamento e mellora.

As auditorías incluirán as tres especialidades asumidas polo Concello de Vigo no seu Servizo de Prevención Propio, e, no que se refire a cuarta especialidade, a Vixilancia da Saúde, ao estar contratada cun SPA, non será obxecto da auditoría, inda que se comprobará se a coordinación co SPRL-CV é adecuada.

Estas auditorías non se limitarán á comprobación da corrección formal da documentación, xa que pode non reflectir a situación real. Prestarase especial atención á comprobación da integración da prevención na estrutura organizativa do concello, posto que unicamente un sistema de prevención integrado na organización xeral é plenamente compatible coa propia definición de prevención (artigo 4 da LPRL)

Dende o Concello de Vigo adoptaranse as medidas necesarias para emendar, de ser o caso, aquellas deficiencias que os resultados da auditoría poñan de manifesto e que supoñan incumplimentos da normativa sobre prevención de riscos laborais.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

ANEXO I: Centros de Traballo do Concello de Vigo



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010

CENTRO DE TRABALLO



Casa do Concello
 Biblioteca Central
 Casa das Artes
 Casa Galega da Cultura
 Casa da Xuventude
 Casa das Mulleres
 Casetas Lago Castrelos
 CEDRO
 Cemiterio Lavadores
 Cemiterio Pereiro
 Cemiterio Teis
 Centro Emprego Rivera Atienza

 Centro Municipal de Formación en Novas
 Tecnoloxías (CITIC)
 Educación
 Escola Obradoiro Mar de Vigo
 Instituto Municipal de Educación
 Museo de Castrelos
 Xardíns do Museo de Castrelos
 Museo VERBUM
 Subxefatura da Policía en Balaídos
 Parque Bombeiros BALAIDOS
 Parque Bombeiros TEIS
 Parque Central de Servizos
 Protección Civil
 Enclave Municipal para a Promoción do
 Emprendemento e a Creación de Empresas
 (EMPECE)
 UBAS Coia
 UBAS Casco Vello

 UBAS Lavadores
 UBAS Rivera Atienza / Programa INTES / Oficina de

ENDEREZO

Praza do Rei, 1
 Rúa Joaquín Yanez, 6
 Policarpo Sanz, 15
 Praza da Princesa, 2
 Rúa López Mora, 31
 Ronda, 20
 Parque de Castrelos, s/n
 Rúa Pintor Colmeiro, 9
 Subida ao Cemiterio, 84
 Avda. De Castrelos, 214
 Rúa Angel de Lema y Marina, 138
 Avda. Martínez Garrido, 21 interior-bajo
 San Vicente 3

 Rúa Oporto, 1
 Estrada do Vao 151 (Coruxo)
 Camiño do Chouzo, 2
 Parque de Castrelos s/n
 Parque de Castrelos s/n
 Avda. de Samil, 17
 Val Miñor s/n
 Val Miñor s/n
 Ángel de Lema y Marina, 46
 Rúa Labagunda 1 (Santa Cristina)
 Rúa Pi e Margall, 69 baixo
 Rúa Cánovas del Castillo, 2 - 2^a
 planta

 Rúa Salvatierra, 9
 Praza da Princesa, 7

 Avda. Martínez Garrido, 21
 Avda. Martínez Garrido, 21

APROBADO NA SESIÓN
 PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010
 O Secretario Xeral do Pleno

W

CENTRO DE TRABALLO**ENDEREZO**

Inmigración

UBAS Teis

Viveiro do Castro

Escola Mestres Goldar

Rúa Doutor Corbal, 21

Parque do Castro, s/n

Mestres Goldar, 22

Calquera outro centro de traballo incluido nun servizo de titularidad municipal a partir da data de aprobación deste plan de prevención de riscos laborais.



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

29 NOV. 2010

**ANEXO II: GUÍA DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DO
CONCELLO DE VIGO**



APROBADO NA SESIÓN
PLENARIA DE DATA 29 NOV. 2010

Vigo, a - 7 DEC. 2010

O Secretario Xeral do Pleno

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "X. G. V." or a similar initials.

ANEXO III: APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS



Concello de Vigo

M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA, SECRETARIA XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día vinte e nove de novembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

3.1.- PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20063/220.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 31 de agosto de 2010, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolveu que polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais se iniciase o expediente necesario para a aprobación do Plan de prevención de riscos laborais no marco da lexislación vixente.

Con data 1 de setembro, a técnica de Prevención de Riscos Laborais, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, informa do que segue:

"A Lei 31/95, do 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Prevención de Riscos Laborais, aportou unha nova concepción da seguridade e saúde no posto de traballo. Esta Lei resulta de aplicación ás Administracións Públicas (art. 3), e supón a implantación dunha cultura de prevención en todos os niveis da empresa, tendente a avaliar e minimizar os riscos que para a saúde do traballador puidera ocasionar a actividade laboral. É unha obriga do Concello de Vigo garantir a seguridade e saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.

A Lei 54/2003, do 12 de decembro, reforma o marco normativo da prevención de riscos laborais e reforza a obriga de integrar a prevención de riscos no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os seus niveis xerárquicos, a través da implantación e aplicación dun Plan de Prevención de Riscos Laborais. Tamén o Real Decreto 604/2006, do 19 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, que aproba o regulamento dos Servizos de Prevención como normativa de desenvolvemento da lei de prevención de riscos laborais, establece esta necesidade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa, no conxunto das súas actividades, en todos os seus niveis xerárquicos e en todas as decisións (art. 1).

De acordo coa lei de prevención de riscos laborais, o plan de prevención debe incluír a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos no Concello (art. 16), e deberá estar a disposición da autoridade laboral (art. 23).

O plan de prevención de riscos laborais que se presenta inclúe como anexo a Guía de Coordinación de actividades empresariais, que ten como obxectivo facilitar o cumprimento do real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, e entendemos que debe formar parte do Plan de Prevención de Riscos Laborais ao ser un dos procedementos de aplicación más xeneralizada en todos os servizos/unidades/áreas do Concello de Vigo.

Para cumplir co indicado no artigo 33 da Lei 31/95, de Prevención de Riscos Laborais, o Plan de

Prevención foi aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde en reunión extraordinaria do pasado 30 de xullo de 2010.

Toda esta normativa xustifica a necesidade de aprobar un plan de prevención de riscos laborais para o Concello de Vigo

II.- NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- L. 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais
- L. 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da lei de prevención de riscos laborais
- RD 39/1997, do 17 de xaneiro, que aproba o regulamento dos Servizos de Prevención".

Polo anteriormente exposto, a técnica informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 13 de setembro de 2010, prestou a súa aprobación á devandita proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular Sra. Romero Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo co texto que figura no expediente, debidamente dilixenciado por esta Secretaría Xeral do Pleno.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para presentación de reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte co establecido no art. 49.c) da LRBRL (L.7/1985), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto integro do Plan no BOP.

E para que así conste e aos efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto bo do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais en Vigo, a sete de decembro do ano dous mil dez.

kv.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.

